

QUIQUE PEÓN Cía.

EN COPRODUCCIÓN CO  centro
coreográfico
galego

PRESENTA:



OVAY

Centro Coreográfico Galego
AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais)
Consellaría de Cultura e Turismo
Xunta de Galicia

Polideportivo de Elviña
Avda. Glasgow, nº11
15008 - A Coruña
Tfn. 981 134 946
Fax. 981 138 294
www.centrocoreografico.org

OVAY

unha coprodución da Cía. Quique Peón e o Centro Coreográfico Galego

O CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO

Presentación [07]

Programa de Coproducións [08]

OVAY

O proceso de traballo [10]

A Peza [13]

O espazo sonoro [14]

Ficha artística [17]

Xira [18]





OVAY - unha coprodución da Cía. Quique Peón e o Centro Coreográfico Galego

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (CCG)

O Centro Coreográfico Galego é un centro de creación, produción, formación e investigación para o desenvolvemento da danza en Galicia. Creouse en 2006 no seo da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, e hoxe está adscrito á Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). É un organismo plural cun espírito aberto aos distintos xeitos de facer e de entender a danza.

O CCG desenvolve unha liña de traballo de apoio á creación a través da produción propia, as coproducións e os artistas en residencia. Ademais leva a cabo un completo programa de formación, dirixido tanto a profesionais como a público, e pon en marcha distintos talleres de danza e música que se realizan durante o curso nos centros escolares da área metropolitana da Coruña.

O seu traballo esténdese tamén ao ámbito editorial a través da colección *Bitácora* - que pon á vista o proceso creativo e amosa a evolución dun espectáculo de danza -; e da recentemente estreada *Corpo de Letra* coa que se quere contribuír ao reforzo teórico da danza e doutras artes do movemento.



PROGRAMA DE COPRODUCCIÓN

O CCG quere, a través do programa de coproducións, non limitarse a apoiar novas creacións, senón dar un paso máis na suma de esforzos que traballen no desenvolvemento do mundo da danza e outras artes do movemento.

Na temporada 08-09 o CCG apoiou, a través deste programa a peza *Concerto Desconcerto* da compañía Entremáns e *Ovay* de Cía. Quique Peón. As iniciativas seleccionadas para coprodución reciben, xunto a unha dotación económica, un acompañamento do equipo do centro durante o proceso de creación e produción, ademais do deseño dunha achega específica de recursos para o proxecto, segundo as súas necesidades.

Ovay, da compañía galega Quique Peón recibiu unha dotación económica, un asesoramento na comunicación que se levou a cabo dende a AGADIC e CCG e co que se aportaron á compañía ferramentas para a boa comunicación e difusión dun espectáculo de danza; e o asesoramento durante o proceso de preprodución e produción da *mánager* e distribuidora Marta Oliveres, unha profesional cunha grande traxectoria no mundo das



artes escénicas, que ofreceu pautas para afrontar a produción do espectáculo, dándolle ferramentas tamén para levar a cabo a distribución do mesmo tanto en España coma no estranxeiro.

Ademais destes asesoramentos o CCG cedeu á compañía Quique Peón os músicos Xosé Lois Romero e Suso Vaamonde e xestionou a busca dun espazo para a realización dos ensaios de *Ovay*, que tiveron lugar na Fábrica de Santa Cristina en Oleiros, da residencia técnica no Teatro Jofre de Ferrol e doutra no Salón Teatro durante a semana previa á estrea, o que lle permitiu á compañía axustar os distintos elementos que conforman a peza.

No tocante a apoiar e promover a formación tanto de profesionais coma de públicos, a compañía realizou durante o mes previo á estrea unha serie de ensaios abertos e ten previsto impartir un obradoiro de danza contemporánea para públicos no marco do festival Empape 2009 da Coruña e outro en Ferrol.

O CCG quere, a través do programa de coproducións, ofrecer ás compañías, ademais de recursos para levar a cabo un espectáculo, unha serie de instrumentos e aprendizaxes que lles sirvan no seu traballo futuro e que lles dean as chaves para desenvolverse nas distintas liñas que interveñen nas artes escénicas.

O PROCESO DE TRABALLO

Sen dúbida, a danza é unha das expresións artísticas primixenias e vén evolucionando co ser humano como ferramenta de comunicación, de expresión de identidade e como simple actividade de divertimento.

Dende o último terzo do século XX moitos estudosos do baile tradicional traballaron incansablemente por recuperar esa parte do noso acervo cultural e darlle o tratamento artístico que merece sobre os mellores escenarios, equiparándoa ás outras linguaxes da danza.

Inmerso nesa ardua tarefa, Quique Peón resolveu lucidamente que a técnica, movementos e linguaxe corporal da danza tradicional encaixaban perfectamente na filosofía da danza actual. E a heteroxénea danza moderna, que acolle sen complexos ilimitadas manifestacións artísticas (teatro, mímica, fotografía e vídeo...) rendeuse á espida plasticidade, significación e pureza do baile tradicional das mans deste bailarín e coreógrafo.

Ovay quere amosar a forma de expresión masculina e feminina empregando un amplísimo abano de movementos tradicionais galegos que evolucionan ata chegar aos nosos días. Para isto mestúranse as frases tradicionais no marco da danza contemporánea, tentando non perder o esencial, o cerne do noso espírito, a nosa expresividade e sentimentalidade. A obra vai máis aló do virtuosismo do bailarín: amósanos o seu interior, fusionando os instrumentos, o canto e o teatro co mesmo baile, e tentando que o espectador recoñeza e redescubra, a un tempo, o seu.

En Ovay os catro puntos cardinais de Galicia serán a referencia principal, como simboloxía dos puntos cardinais da vida, e por medio deles o autor irá na procura do cerne da existencia, explorándoos e experimentándoos, amosando os sentimentos implícitos en cada un.

O Leste, a auga, o nacemento, a inocencia, o xogo, a capacidade de rirse dun mesmo...

O Sur, o lume, o feminino, a beleza, ...

O Norte, a terra, o masculino, a loita, a forza, a rebeldía...

O Oeste, o vento, a lembranza, a madurez, a melancolía...

LESTE:

Movimentos tradicionais (muiñeira):

Parroquias: Son, Vilarello, Trascastro, Murias, Pol, Seixo.

Músicas tradicionais:

Asturianada de Vilarello, 'Moliñeira' de Vilarello, Muiñeira de Íbias, Muiñeira de Oza dos Ríos.

SUR:

Movimentos Tradicionais (xot /'ribeirana'):

Parroquias: Liñares, Doade/Muiño, Liñeiro, Torás, Laxe, Cerqueda, Cabana.

Músicas Tradicionais:

Canto de Reis de Hospital, Canto de Carro en Samarugo, Canto de Sequeiros, Xota de Moscoso.

NORTE:

Movimentos tradicionais (muiñeira):

Parroquias: Trasmonte, Traspielas, Marcelle, Cordeiro, A Coruña, Sofán, Aiazo.

Músicas tradicionais:

Pasodobre, Pandeiretada.

OESTE:

Movimentos tradicionais (xota):

Parroquias: Liñeiro, Verdillo, Fisterra, Anllóns, Malpica, Oza, Buxán, Carnés, Pudeza, Cerqueda.

Músicas tradicionais:

Canto de Bembibre, Vento en Fisterra, Pateado de Trasmonte, Xota da Coruña, Xota de Folgoso.

A PEZA

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos universais e atemporais encrucillados, diante dos que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser. Porque o sentido do noso ser está na fusión de todos eles e só se alcanza coa íntima comprensión da nosa multiplicidade.

Ovay é a viaxe interior dun bailarín, o percorrido polos estadios da súa evolución persoal, que se apaga coa lembranza de alguén afastándose coa súa equipaxe de vivencias. Ovay é a liberdade sen lastres, o movemento renovado, a expresión dunha inqueda sobre a propia esencia que xurdiu durante unha madurez vital e artística, coas preguntas e respostas do que foi, do que é e do que está por ser.

Ovay dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, ao que reclama orgulloso o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar a identidade cultural renovada, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, entre a forza e o sosego, entre o urbano e o tradicional, entre o masculino e o feminino.





O ESPAZO SONORO

Un dos alicerces do proceso creativo de *Ovay* foi a asunción dun repertorio estritamente tradicional galego, tanto na música coma na danza, extraído dos arquivos e do material de investigación etnográfica de Quique Peón. As melodías están distribuídas dentro do espectáculo de xeito xeográfico, atendendo aos catro puntos cardinais, que son o eixo conceptual da montaxe e teñen especial importancia os ritmos máis autóctonos e identificadores da danza tradicional galega que se agrupan principalmente nos compases de 6/8 e 3/4 ou 3/8. Tivo especial consideración, tamén, o carácter arcaico das melodías, que ven definido pola utilización de escalas mixtas, maiores e menores, e a súa orixe principalmente vocal.

Para a interpretación en directo deste repertorio, optouse pola utilización de instrumentos populares galegos, máis ou menos evolucionados, como gaita, acordeón, zanfona ou requinta. Pero ten especial significación a utilización dun amplo abano de instrumentos de percusión tradicional, e que, porén, aportan unha personalidade e unha forza dificilmente substituíble por outros instrumentos.

A nivel musical, optouse polo emprego dun *sampler* para a reprodución de sons reais, alleos ao espazo escénico e que se fusionan coa música ao vivo. Por outra banda, grazas a unha *loop station* os dous músicos do espectáculo poden gravar en directo varios instrumentos superpostos, e construír así temas musicais cunha sonoridade máis ampla que a que podería ofrecer un dúo. Ao mesmo tempo, representa un interesante aliciente visual para o público, que pode ver como vai medrando cada tema musical, instrumento a instrumento, namentres se desenvolve a danza.

O EQUIPO ARTÍSTICO

dirección	QUIQUE PEÓN
coreografía	QUIQUE PEÓN E ERICK JIMÉNEZ
dramaturxia	ROBERTO MAGRO
textos	ROBERTO MAGRO, QUIQUE PEÓN E PIETRO ROSA
dirección musical e arranxos	XOSÉ LOIS ROMERO
músicos	XOSÉ LOIS ROMERO E SUSO VAAMONDE *
diseño de iluminación	BALTASAR PATIÑO
diseño de vestuario	CLOTI VAELO E QUIQUE PEÓN
bailarín e intérprete	QUIQUE PEÓN





OVAY - unha coprodución da Cía. Quique Peón e o Centro Coreográfico Galego

QUIQUE PEÓN

Bailarín de danza tradicional galega. A súa actividade profesional céntrase na investigación e divulgación do folclore tradicional de Galicia. Ten unha larga traxectoria e un importante labor como profesor de baile e música tradicional. Formou parte de diversos grupos e na actualidade é o director do grupo de danza tradicional Xacarandaina. Ten realizado labores de asistente coreográfico con Mercé de Rande no proxecto *Zocas* e en *A Arándara*, proxecto apoiado polo programa Artistas en Residencia do CCG, formou parte tamén do reparto da produción do CCG dirixida por Roberto Oliván *Kiosco das almas perdidas*.

Henrique Peón ten participado en numerosos festivais e xiras internacionais nas que visitou: Portugal, España, Francia, Inglaterra, Bélxica, Italia, Hungría, Ucraína, Alemaña, Eslovaquia..., e ten recibido numerosos galardóns polo seu traballo na recuperación e difusión do folclore galego.

XOSÉ LOIS ROMERO

De formación autodidacta, é membro do Grupo de Música Tradicional da AGADIC. Estudou acordeón con Víctor Prieto, Oleg Sharov e Anne Landa, harmonía e composición con Suso Atanes e Abe Rábade, ademais de diversos cursos de multipercusión. Exerce de percusionista en formacións de referencia na música popular galega. Foi membro fundador da compañía Nova Galega de Danza na que exerceu como compositor e director musical. Participou xunto a Mercedes Peón no espectáculo *Kiosco das almas perdidas* do CCG. Ten gravado e actuado con artistas de diversa índole e recibido numerosos galardóns. Na actualidade forma parte do trío Vaamonde, Lamas & Romero.

SUSO VAAMONDE

Iníciase na música aos doce anos e comeza a tocar a gaita co mestre Xosé Casal. Formou parte dos grupos Xacarandaina, Aturuxo, Lecer, sección musical do Ballet Galego Rey de Viana ou do Grupo de Gaitas da Comunidade Autónoma de Galicia; actualmente forma parte do Grupo de Música Tradicional da AGADIC e do trío Vaamonde, Lamas e Romero. No 1998 participou na xira Mestres Solistas Europeos de Gaita xunto con Patrick Molard e Petko Stephanov entre outros. Desenvolve a súa labor como docente impartindo cursos de técnica e afinación de gaita galega e destaca como compositor, sendo autor de máis de corenta obras e outros tantos arranxos.

ERICK JIMÉNEZ

Realiza estudos de arte con especialidade en teatro, teoloxía e socioloxía; e estudos superiores na Universidade Nacional de Costa Rica especializándose en danza contemporánea, traballando coas compañías máis importantes deste país.

En 2004 inicia o seu labor como profesional independente traballando con artistas da talla de Nandayure Harley, Hill Swanson ou Christy Harrys. En España colaborou con proxectos de danza como Neodans, Enclave Dance Company ou Inquedanza. Tamén desenvolve o seu traballo como docente impartindo Workshops en escolas, universidades e festivais de relevancia internacional. Foi asistente de dirección e coreografía no CCG.

BALTASAR PATIÑO

Ilumina e deseña espazos escénicos, entre outros, para Matarile Teatro, Gelabert-Azzopardi, Centro Coreográfico Galego, Centro Dramático Nacional, Andrés Corchero, 10&10 Danza, Casa Encendida. Foi seleccionado para representar a España como iluminador e escenógrafo na PQ Cuadriennale de Praga 2007. Imparte cursos de iluminación e espazo escénico en Madrid, Compostela e Portugal. É o director técnico do Festival Internacional *En pé de Pedra*.

CLOTILDE VAELO

Xastra especializada en danza, teatro e audiovisual, traballou para compañías como Centro Dramático Galego, Centro Coreográfico Galego, Teatro Antroido, Grupo de rúa Titiriti, Berrobambán, Play & Rewind, Blanca Novo Neira, Excéntricas, Teatro do Atlántico, Talía Teatro, Matarile Teatro, Teatro do Noroeste, Sala Yago Producións, Nordesía Producións, Belmondo Teatro, Teatro Bruto, Teatro do Aquí, Sapristi, Pista Catro, Nut Teatro ou Sarabela Teatro. No ano 2004 imparte un obradoiro de vestiario teatral no CDG. Ten unha ampla experiencia na confección de traxes rexionais, actividade que desenvolve dende 1987 ata hoxe.



OVAY EN XIRA *

13 e 14 de xuño de 2009 Salón Teatro [Santiago] - ESTREA

9 e 10 de outubro de 2009 Teatro Rosalía Castro [A Coruña]

18 de outubro de 2009 Teatro Jofre [Ferrol]

Do 29 de setembro ao 3 de outubro de 2009 Feria de Teatro y Danza [Huesca]

Do 5 ao 8 de novembro de 2009 Feria Mediterránea [Manresa]

21 e 22 de novembro de 2009 Teatro Molière [Bruxelas]

** O período de contratación continúa aberto. Esta xira está actualizada a 1 de xuño de 2009.*



COPRODUCEN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO

AGADIC



Asociación Galega das
Industrias Culturais



**centro
coreográfico
galego**



SALONTEATRO



Concello de Ferrol
CULTURA



**Concello de
Oleiros**



DEPUTACION
DA
CORUÑA
www.dicoruna.es